

Resolución conxunta da Consellería de Cultura e Turismo, da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e do Concello de Santiago de Compostela, pola que se aproba a convocatoria dunha Consulta Aberta para o despregamento de redes de telecomunicación baseadas en fibra óptica no Conxunto Histórico de Santiago de Compostela.

A Consellería de Cultura e Turismo é o departamento da Xunta de Galicia a que lle corresponden as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura, dos aspectos vinculados á protección e promoción do patrimonio cultural de Galicia e dos Camiños de Santiago; a promoción da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia; o recoñecemento, tutela e rexistro das fundacións culturais de interese galego e o impulso, coordinación e xestión da política autonómica en materia de turismo. Todo iso, de conformidade co establecido na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de autonomía de Galicia, e o previsto na demais normativa que sexa de aplicación.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega), é o organismo da Xunta de Galicia, de conformidade co disposto na disposición adicional terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e segundo o artigo 6 do seu estatuto, aprobado polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, á que lle corresponde, a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías, así como o fomento da innovación no ámbito



das tecnoloxías da información e as comunicacións en colaboración cos organismos e institucións competentes na materia. Así mesmo, aglutina as competencias e os recursos humanos, materiais e orzamentarios asociados ás anteriores estruturas TIC dispersas no sector público autonómico. Polo tanto, ten entre as súas competencias o deseño e execución, en todas as consellerías e organismos dependentes da Xunta, dos proxectos de sistemas e tecnoloxías da información que dan soporte á súa operativa, entre eles o referido na presente resolución.

É ao Concello de Santiago de Compostela a quen lle corresponde, a partir da nova redacción dada á Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local dentro das competencias municipais PROPIAS, entre outras moitas as de planificación, xestión, execución e disciplina urbanística; a protección e xestión do patrimonio histórico da súa titularidade; a xestión da infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; así como a promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicacións.



ANTECEDENTES NORMATIVOS

É a propia **Constitución Española de 1978**, o texto legal de maior rango normativo, a que fai referencia ou recolle principios xerais en diversos preceptos (art. 1, 9 etc.) propugnando no seu artigo 1 como “valores superiores” do ordenamento xurídico “a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político”.

Tamén recolle no seu Artigo 9.2 a obriga pola que “corresponde aos poderes públicos promover as condicións para [...] facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.”

Por outra banda, é no texto legal do **Real Decreto do 24 de xullo de 1889, texto da edición do Código Civil mandada publicar en cumprimento da Lei do 26 de maio último** onde se establece no seu Artigo 1.1 que: “As fontes do ordenamento xurídico español son a Lei, o costume e os principios xerais do dereito.”

Así mesmo, no artigo 1.4 do mesmo texto normativo establécese que: “Os principios xerais do dereito aplicaranse en defecto de Lei ou costume sen prexuízo do seu carácter informador do ordenamento xurídico.”

Son diversas as Leis e Regulamentos que **mencionan a participación cidadá** como principio xeral do dereito:

- A **Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia** establece no seu artigo 4.2 que corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para [...] facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.



- A **Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración**, dispón, no seu artigo 19, que Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais do sector público autonómico fomentarán a participación da cidadanía e integrarán as súas necesidades e expectativas na planificación e programación das súas políticas públicas.
- O preámbulo da **Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Comunidade Autónoma de Galicia**, establece que o dereito fundamental á participación nos asuntos públicos non pode entenderse limitado ao dereito de sufraxio senón á capacidade da cidadanía de ser un actor fundamental no seguimento, control e vixilancia da actividade dos poderes públicos.

Trátase polo tanto dos principios xerais do Dereito os que inspiran a participación da cidadanía nos asuntos de carácter público, considerando como obxectivo final a provisión á cidadanía da información necesaria para exercer o seu dereito fundamental á participación nos asuntos públicos.

É xa no ano 2013, a través da *Lei 3/2013, de 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicación de Galicia*, que no exercicio das súas competencias en materia de ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda –artigo 27.3 do Estatuto de autonomía–, normas adicionais sobre protección do medio ambiente e da paisaxe de conformidade co artigo 149.1.23º da Constitución –artigo 27.30 do Estatuto de autonomía–, así como en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, de interese de Galicia, sen prexuízo do que dispón o artigo 128 da Constitución –artigo 27.38º do Estatuto de autonomía–, considera pertinente establecer as condicións, límites e requisitos necesarios para que o despregamento das infraestruturas de telecomunicacións se leve a cabo de modo que permita unha cohesión social e económica na Comunidade



Autónoma froito dun novo modelo non só económico, senón tamén territorial, de tal forma que se recollen previsións específicas para que este despregamento realícese de forma eficiente e adecuada desde un punto de vista urbanístico e de ordenación do territorio, ambiental, paisaxístico e de protección do patrimonio cultural.

Trátase, en definitiva, de garantir que o despregamento das novas redes realícese de maneira equitativa, eficiente e respectuosa co medio ambiente e de protección do patrimonio cultural, garantindo á cidadanía, ás empresas e as administracións públicas a cobertura das necesidades, actuais e futuras, dos servizos e tecnoloxías da información e da comunicación, a fin de fomentar a competitividade baseada no coñecemento, [...] coa instalación de infraestruturas de telecomunicacións mediante unha ordenación coherente, que asegure a protección do territorio, dos recursos naturais e do ámbito paisaxístico, e que promova a cohesión social e a igualdade económica.

A mesma Lei no seu Artigo 4.2 establece que a necesidade de execución de infraestruturas de telecomunicacións e redes públicas de comunicacións electrónicas [...] determinarase previa consulta pública aos axentes interesados pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Adicionalmente, debe salientarse o establecido noutras disposicións legislativas como son a Lei 9/2014, do 9 de maio, Xeral de Telecomunicacións que no seu artigo 34. 3 a 5 establece que:

- [...] Os despregamentos aéreos e por fachadas non poderán realizarse en casos xustificadas de edificacións do patrimonio histórico-artístico ou que poidan afectar á seguridade pública;
- [...] as administracións públicas contribuirán a garantir e facer real unha oferta suficiente de lugares e espazos físicos nos que os operadores decidan establecer as súas infraestruturas [...].



- [...] as administracións públicas actuarán de acordo cos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia.



MARCO DA CONSULTA

É dentro dese marco no que, o pasado 22 de xullo de 2019 se celebrou no Museo das Peregrinacións de Santiago de Compostela, a xornada *A conectividade nos cascos históricos*, na que se presentou o primeiro catálogo de solucións para facilitar a extensión de fibra nestas zonas: *Guía de boas prácticas para actuacións de tendido da rede de fibra óptica en contornas urbanas de especial protección e conxuntos históricos de Galicia*.

Este Catálogo, elaborado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), o operador público Retegal e a Dirección Xeral de Patrimonio, en colaboración co Concello de Santiago de Compostela, é o punto de partida para darlle resposta á falta dun procedemento estandarizado para o despregamento de fibra óptica en conxuntos históricos.

O Catálogo analiza o caso concreto de Santiago de Compostela e, define unha serie de proposta de solucións complementarias e non excluíntes entre elas nin doutras posibles, para o despregamento da fibra óptica que permitan compatibilizar a protección do patrimonio co despregamento con trazado por cornixa, o soterramento ou o despregamento da fibra óptica a través das redes de saneamento.

Santiago de Compostela foi declarada en 1985 Patrimonio Cultural da Humanidade pola Unesco, ao considerar que á súa beleza urbana e á súa integridade monumental se engadían os profundos ecos da súa significación espiritual como santuario apostólico e destino do máis importante movemento relixioso e cultural da Idade Media: a peregrinación polo Camiño de Santiago.

A xustificación do Consello Internacional de Monumentos e Sitios (ICOMOS) para a inclusión de Santiago na lista de Patrimonio da Humanidade foi a seguinte:



“Por ser un extraordinario conxunto de monumentos agrupados ao redor da tumba de Santiago O Maior, e destino de todas as rutas da maior peregrinación da Cristiandade entre os séculos XI e XVIII, Santiago de Compostela é sen dúbida algunha un dos máis indiscutibles bens patrimoniais da Humanidade. Esta cidade, debido á súa integridade monumental, reúne valores específicos e universais. Ao carácter único das súas obras mestras románicas e barrocas engádese a transcendental contribución estética que fai uso de elementos diacrónicos e dispares para construír unha cidade ideal que desborda á vez Historia e intemporalidade. A modélica natureza desta cidade de peregrinación cristiá, enriquecida polas connotacións ideolóxicas da Reconquista, ten o seu eco na enorme significación espiritual dun dos poucos lugares tan profundamente embuidos de fe como para converterse en sagrados para toda a Humanidade. (...)”

As devanditas entidades, participan de xeito coordinado en proxectos que fomentan a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural da cidade de Santiago de Compostela, así como a súa valorización co impulso e desenvolvemento da sociedade da información no seu seo, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

Neste contexto e para unha correcta conxunción entre a protección patrimonial de conxuntos históricos especialmente protexidos e o despregamento de novas redes de servizos, co obxecto de coñecer as posibilidades de execución dos eventuais despregamentos, resulta de interese dirixir consultas aos operadores económicos.



En consecuencia co anteriormente exposto, as entidades arriba mencionadas,

ACORDAN:

Primeiro. Obxecto.

O obxecto desta convocatoria é promover a participación das persoas xurídicas para o desenvolvemento dun proxecto de execución de despregamento de fibra óptica no conxunto histórico de Santiago de Compostela.

Concretamente o obxectivo é que, a partir dos resultados da Consulta Aberta, se poidan determinar os aspectos que permitan levar a termo o despregamento dunha rede de F.O. no conxunto histórico de Santiago de Compostela.

Segundo. Participantes.

A convocatoria é aberta e diríxese a persoas xurídicas que teñan vontade de desenvolvemento deste proxecto de despregamento de F.O., tanto na súa definición e alcance coma no desenvolvemento posterior.

Admitirase a presentación de varias propostas por unha mesma persoa xurídica, xa sexa individualmente ou en forma conxunta con outros. Cando unha proposta se presente de forma conxunta por un grupo de entidades deberá identificarse aquela que as represente, a efectos de interlocución coa Administración.

A participación na convocatoria non comporta por parte da Administración ningunha obriga de financiamento ou aceptación das propostas presentadas.

A Administración dará aos participantes un tratamento igualitario e non discriminatorio, e axustará a súa participación ao principio de transparencia.

Terceiro. Uso das propostas por parte da Administración

Este proceso de consulta faise só a efectos de definir os aspectos que permitan planificar e desenvolver estes despregamentos. En ningún caso suporán o



traslado de aspectos específicos que poidan poñer a ningún axente do mercado nunha posición de vantaxe inxustificada.

Cuarto. Aplicación dos principios de transparencia, igualdade de trato e non discriminación.

Así mesmo, a participación ou non participación na convocatoria, o diálogo ou contactos mantidos cos participantes ou os intercambios de información non poderán dar lugar a infraccións dos principios comunitarios de igualdade de trato, non discriminación e transparencia, nin ter como efecto restrinxir ou limitar a competencia, nin outorgar vantaxes desleais ou dereitos exclusivos non eventuais nos procedementos que se poidan posteriormente convocar.

Velarase por manter a confidencialidade dos aspectos das respostas que así o requiran, non admitíndose en todo caso a declaración confidencial da totalidade da resposta, senón aspectos concretos xustificados, co obxectivo de asegurar a transparencia do procedemento tanto na súa publicación como na posterior elaboración do informe co desenvolvemento da consulta e as súas conclusións. Os axentes do mercado que respondan á presente consulta aceptan implicitamente a publicación dos datos que resulten indispensables sobre a súa identificación a efectos de elaborar o citado informe.

En particular, en aplicación dos principios de igualdade de trato e transparencia, comunicarase aos demais participantes, candidatos ou licitadores calquera información pertinente intercambiada no marco desta convocatoria ou como resultado dela, e procederase ao establecemento de prazos adecuados para a recepción das solicitudes de participación tendo en conta o tempo que razoablemente poida ser necesario para preparar aquelas.

Quinto. Presentación das propostas.

A presentación das propostas suxeitarase ás seguintes regras básicas:



1. As persoas xurídicas, interesadas en participar deberán enviar as súas propostas en lingua galega ou en castelán. Opcionalmente, poderase acompañar a resposta da documentación complementaria que xulguen pertinente onde se desenvolva a proposta con maior detalle.

En todo caso, cada un dos interesados deberá asumir os eventuais custos derivados da súa participación.

2. Habilitarase un formulario modelo que se enviará a través da páxina web <https://amtega.xunta.gal/consultafo> ou por correo electrónico ao seguinte enderezo: consultafo@xunta.gal. As propostas poderanse presentar en calquera momento durante o período comprendido entre a publicación deste anuncio e a data de finalización da Consulta Aberta.

3. Se se considera de interese, poderán convocar individualmente a participantes concretos para realizar unha presentación máis detallada ou ampliar a información sobre a súa proposta, produto ou servizo. No caso de que a presentación fose pública, serán informados disto os demais participantes a través da páxina web habilitada para o efecto.

Sexto. *Transparencia da consulta.*

Para asegurar a transparencia do proceso, a dispoñibilidade da maior información posible e o intercambio eficaz de experiencias e opinións, os participantes farán constar expresamente o seu consentimento para que a Amtega manteña accesible e actualizada a información necesaria, total ou parcial, sobre as propostas presentadas.

Os convocantes resérvanse para si a facultade de facer públicos os datos das propostas presentadas, tendo en conta o previsto no punto seguinte, así como aquelas outras que se teñan en conta no proceso.



O uso do contido das propostas limitase exclusivamente á súa utilización na definición das especificacións dos eventuais procedementos que seguisen á Consulta Aberta.

Sétimo. Confidencialidade

Os datos persoais recadados neste procedemento de Consulta Aberta ao Mercado serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Amtega coas finalidades de levar a cabo a eventual tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento. Estes datos incluíranse necesariamente nos formularios de proposta, incluída a posibilidade da Administración de difundir a súa participación no procedemento no caso de ser relevante.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de Procedementos e Servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución do procedemento.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.



Por outra banda, para asegurar a transparencia do proceso, a dispoñibilidade da maior información posible e o intercambio eficaz de experiencias e opinións, os participantes farán constar expresamente a súa vontade conforme para que a Amtega manteña accesible e actualizada a información necesaria, total ou parcial, sobre as propostas presentadas.

Sen prexuízo da posibilidade de divulgación das solucións e da definición das especificacións dos proxectos, a Administración non poderá divulgar a información técnica ou comercial que, se é o caso, fose facilitada polos participantes e estes designasen como confidencial.

Oitavo. Prazo de presentación e peche da convocatoria.

O prazo de presentación das propostas comezará o día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web de AMTEGA.

O peche da convocatoria para os correspondentes proxectos producirase, unha vez que se acade o grao de definición necesario, por resolución conxunta da persoa titular da dirección da Amtega, que será publicada na páxina web de AMTEGA, que como máximo será de dous meses.

Santiago de Compostela,

Conselleiro de Cultura e Turismo

D. Román Rodríguez González

Directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

Dna. Mar Pereira Álvarez

O Alcalde do Concello de Santiago

D. Xosé Sánchez Bugallo



ANEXO

- Aspectos xerais:
 - a. Identificación e consentimento da difusión da información facilitada, con indicación de que aspectos/apartados da resposta desexa que sexan considerados confidenciais.
- Cuestións a resolver:
 - a. Elaboración dun proxecto completo de desenvolvemento dunha rede de F.O., coa aplicación no seu caso, das solucións especificadas no Catálogo entre outras, e dentro do ámbito concreto do casco histórico de Santiago de Compostela.

Dentro do proxecto desenvolto, débese responder como mínimo ás seguintes cuestións concretas:

- i. Análise económico do despregamento aplicando as solucións contempladas no Catálogo (comparativa con despregamento estándar) entre outras, coa introdución dun modelo de negocio.
 - ii. Cronograma para o despregamento completo.
 - iii. Prazo para o comezo do despregamento.
 - b. Outras consideracións.

